

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E E O CONCELLO DE MOS PARA A REFORMA INTEGRAL E EQUIPAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MOS**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Mos para levar a cabo a reforma integral e equipamento da Biblioteca Municipal.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. Levarase a cabo a reforma integral da Biblioteca Municipal de Mos, buscando valorizar os recursos locais existentes a través da innovación, sustentabilidade, dixitalización e uso de enerxías alternativas. Transformando un espazo que se encontra obsoleto en relación as necesidades actuais da poboación (espazo infantil de lectura, sala de estudio, cyber...). A Biblioteca municipal é un referente para os habitantes do Concello e dos concellos limítrofes ao dispor dunha base*



*documental de máis de 22.100 exemplares, así como que neste edificio está o único cyber gratuito da zona, o que supón unha grande axuda para as persoas que non teñen dispoñibilidade de acceso a rede de internet nos seus fogares, tanto para os adultos como para a mocidade que acode a realizar traballos escolares e tarefas de estudo.*

*Por todo o anterior é o Concello de Mos que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

